



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa



Proxecto INNOVAUGAS 4.0

Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos

Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia. Consellería de
Infraestruturas e Mobilidade. Xunta de Galicia.

INFORME FINAL DE CONCLUSIÓN DA CONSULTA PRELIMINAR DO MERCADO

0



Decembro 2020

CONTIDO

1. Introducción	2
2. Descrición do proxecto	5
3. Organización das CPM	7
4. Desenvolvemento da Consulta Preliminar do Mercado (CPM)	8
Publicación das bases das CPM.....	8
Xornadas e obradoiros informativos.....	8
Propostas presentadas nas CPM	12
Entrevistas a participantes	12
5. Conclusións das CPM.....	14
Conclusións relativas á participación	14
Conclusións relativas á eventual licitación ou licitacións	17
Anexo 1: Organización interna	
Anexo 2. Asistentes á xornada informativa	
Anexo 3: Entidades que enviaron propostas á consulta	
Anexo 4. Entidades entrevistadas	
Anexo 5. Enlaces de interese	



1. Introducción

Augas de Galicia é unha entidade pública empresarial creada a través da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. As súas competencias comprenden tanto a xestión do dominio público hidráulico no ámbito territorial da demarcación hidrográfica Galicia Costa, como a planificación, execución de obras e explotación de infraestruturas en todo o territorio de Galicia.

Augas de Galicia ostenta responsabilidades directas na xestión do ciclo natural da auga, sendo a entidade encargada de protexer e **xestionar os recursos hídricos** e de planificar e anticipar, desde un punto de vista hidrolóxico e hidráulico, eventos extremos como as inundacións e as secas.

Na actualidade, no ámbito da demarcación hidrográfica Galicia Costa, dispónse de varios instrumentos entre os que se atopa, ademais do plan hidrolóxico Galicia Costa 2015-2021, o plan de seca e o plan de xestión do risco de inundación 2015-2021.

Como **Administración hidráulica de Galicia**, Augas de Galicia é competente en materia de planificación, construción e explotación de obras hidráulicas, tanto de abastecemento como de saneamento e depuración, é dicir, na xestión do ciclo do uso da auga.

Toda a actividade que desenvolve Augas de Galicia ten como finalidade a **mellora dos recursos hídricos e o estado dos ecosistemas acuáticos**, ao que contribúe a visión integral que lle proporciona a súa configuración dual, como xestora do ciclo natural da auga, a través do exercicio das súas competencias sobre o dominio público hidráulico, e como xestora do ciclo do uso da auga, no exercicio das súas competencias como Administración hidráulica de Galicia.

O proxecto **Innovaugas 4.0 – Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos** expónse como parte da estratexia de Augas de Galicia para acadar unha xestión integral, enfocada a harmonizar a interacción entre o ciclo natural da auga, e a súa evolución nun escenario de cambio climático como o actual, e o ciclo de uso da auga, onde se están producindo importantes avances baseados na economía circular.

O proxecto Innovaugas 4.0 recibiu no mes de abril de 2020 a proposta de resolución definitiva de concesión de axudas por parte do Ministerio de Ciencia e Innovación (líña de Fomento da Innovación desde a Demanda para a Compra Pública de Innovación). O seu obxectivo é a mellora dos servizos públicos, a

innovaugas

través do fomento da innovación empresarial, mediante a selección das actuacións e proxectos, que serán cofinanciados nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014-2020 (FEDER). Con data 3 de decembro de 2020 formalizouse a firma do convenio entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e o Ente Público Augas de Galicia (ADG) que regula as condicións do proxecto "Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos INNOVAUGAS 4.0", cofinanciado con fondos FEDER.

Esta liña, encadrada dentro do Obxectivo Temático 1 do Programa Operativo FEDER Plurirrexional de España 2014-2020, para fortalecemento da investigación, do desenvolvemento tecnolóxico e da innovación, ten por obxectivos os seguintes:

- Promover o desenvolvemento de produtos ou servizos innovadores adquiridos por parte de compradores públicos a través do mecanismo da Compra Pública de Innovación, co fin de:
 - Mellorar os servizos públicos, en termos de eficacia ou eficiencia.
 - Mellorar a innovación e a competitividade empresarial, atraendo fondos para a I+D+i empresarial mediante contratación.
 - Reforzar a comercialización da innovación empregando ao cliente público como cliente lanzador ou de referencia.
 - Estimular o emprendemento e a innovación, particularmente das pemes.

O reto do proxecto Innovaugas 4.0 fundaméntase en impulsar o desenvolvemento de **actuacións singulares de innovación para contribuír á mellora dos servizos públicos á cidadanía**. Por iso, apóstate pola Compra Pública de Innovación (CPI). O proxecto conta cun **orzamento global elixible de 7 millóns de euros**, dos cales inicialmente 5,6 millóns de euros irán destinados á Compra Pública de Innovación.

Previo a calquera procedemento de Compra Pública de Innovación, diferentes guías, entre elas a Guía de boas prácticas para favorecer a Contratación Pública de Innovación en Galicia (Axencia Galega de Innovación - Consellería de Economía e Industria, setembro de 2016) recomendan artellar as chamadas "Consultas Preliminares do Mercado".

Precisamente, no artigo 115 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público –en diante LCSP–, pola que se traspoñen as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro

innovaugas

de 2014, artigos 40 e 41, establécese que os poderes adxudicadores poden abordar a realización de consultas preliminares do mercado a fin de preparar adecuadamente a posible contratación e informar os operadores económicos sobre os seus plans e dos requisitos que se esixirán para concorrer ao eventual procedemento de adxudicación, así como o resto de aspectos que se deben ter en conta nun proceso deste tipo.

No devandito artigo establécese a necesidade de elaborar un informe de resultados da Consulta Preliminar do Mercado (en diante CPM), o cal formará parte do expediente de contratación.

Por todo o exposto, a entidade pública empresarial Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, e dentro do marco do proxecto Innovaugas 4.0, artellou un procedemento de CPM para preparar a eventual contratación dun ou varios proxectos piloto de Compra Pública de Innovación, informando mediante o presente os operadores económicos sobre os retos e as necesidades a abordar, así como das conclusións da consulta.



2. Descripción do proxecto

Innovaugas 4.0 nace co **obxectivo xeral** de avanzar cara a unha xestión integral dos recursos hídricos en Galicia, que aborde a protección e o equilibrio dos ecosistemas e os recursos naturais en paralelo ao benestar económico e social equitativo.

O modelo de xestión da auga ten para o territorio importantes implicacións a nivel ambiental, económico e social, especialmente considerando os efectos esperados do cambio climático sobre os patróns hidrometeorolóxicos. Por iso, os obxectivos xerais de Innovaugas 4.0 establecéronse en base a necesidades concretas detectadas en Galicia, e relacionadas co fin último do proxecto:

- Mellora e innovación da xestión de recursos hídricos e o medio ambiente.
- Aumento da resiliencia ao cambio climático.
- Incorporación da economía circular á xestión do ciclo integral da auga.

Agárdase que as solucións innovadoras que se pretenden desenvolver melloren a prestación de servizo público, é dicir, potencien unha administración da auga innovadora que mellore na súa resposta á cidadanía, simplificando as relacións entre os usuarios da auga e a administración, e optimizando todo o coñecemento existente.

Os **retos** que se abordarán por parte do proxecto son os seguintes:

RETO 1. Sistema integral de información hidrolóxica para unha xestión avanzada dos recursos hídricos. Este reto expón mellorar o funcionamento de Augas de Galicia co desenvolvemento e implantación dunha infraestrutura integrada de recompilación, procesado e interpretación de datos que permita agregar e explotar toda a información existente procedente de distintas fontes, de forma coherente, ampliando o coñecemento das concas e apoiando a toma de decisións coa incorporación de tecnoloxías dixitais de última xeración.

RETO 2. Fortalecemento das capacidades de preparación e adaptación ao cambio climático co obxectivo de reducir o impacto dos eventos de seca e inundación na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa



RETO 3. Economía circular no ciclo integral da auga. O obxectivo xeral que se expón para este reto é aumentar o nivel de aplicación dos principios da economía circular no ciclo integral da auga con especial énfase nas infraestruturas de depuración de augas residuais, tanto a nivel de procesos e tecnoloxías concretas como da xestión integral das plantas e nos sistemas de saneamento.

Os obxectivos concretos do proxecto, unha descrición detallada dos retos e resto de documentación ligada ao proxecto e ás CPM pódense consultar e descargar desde a páxina web do proxecto no documento das bases da convocatoria:

<https://innovaugas.xunta.gal/documentacion/>

e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia:

<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=716756&lang=gl>



3. Organización das CPM

No desenvolvemento das CPM participou, por parte de Augas de Galicia, o equipo responsable da dirección do proxecto Innovaugas 4.0, así como os técnicos involucrados en cada unha das áreas afectadas polo proxecto. No anexo 1 amósase un esquema da organización interna de Augas de Galicia coas áreas involucradas na execución do proxecto.

Adicionalmente, o equipo responsable do proxecto por parte de Augas de Galicia, contou co asesoramento dunha empresa experta no desenvolvemento das CPM, Science & Innovation Link Office S.L. (SILO), facendo uso da posibilidade de asesoramento prevista no artigo 115.1 da LCSP.


Os asesores expertos de SILO que participaron no desenvolvemento das CPM foron:

- Manuel Varela, Director da Área de Sector Público.
- Katia Pérez, Xerente sénior da Área de Sector Público (Oficina de Galicia).
- Carlos Jiménez, Xerente sénior da Área de Sector Público.
- Antonio Guimarey, Xerente da Área de Sector Público (Oficina de Galicia).
- María Santiago, Consultora sénior da Área de Sector Público (Oficina de Galicia)
- Eduardo Gabrié, Consultor da Área de Sector Público.

Estes asesores expertos acompañaron o equipo de Augas de Galicia nos eventos informativos e nas reunións coas entidades, achegando o seu coñecemento e experiencia no ámbito da Compra Pública de Innovación e Consultas Preliminares do Mercado e apoiando operativa e administrativamente no desenvolvemento dos traballos, difusión da convocatoria, organización e participación en xornadas de presentación, soporte na avaliación das propostas recibidas e participación en reunións internas de seguimento.

4. Desenvolvemento da Consulta Preliminar do Mercado (CPM)

A seguinte liña temporal amosa o desenvolvemento das CPM que a continuación se explica de xeito detallado:



Publicación das bases das CPM

O documento coas bases da convocatoria das CPM de Innovaugas 4.0 foi publicado e difundido no perfil do contratante de Augas de Galicia, situado na Plataforma de Contratos de Galicia con data 12.05.2020.

O devandito documento está dispoñible na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia:

<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=716756&lang=gl>

Xornadas e obradoiros informativos

Co obxecto de lograr unha maior concorrencia de propoñentes ao proceso de CPM de Innovaugas 4.0, organizáronse unha serie de actos de presentación e explicación do proceso, enmarcados dentro do procedemento e previstos nas bases da consulta, e para darlle unha maior coherencia e relevancia ao mesmo.

O primeiro destes actos foi unha **xornada informativa sobre a CPM** para axentes destacados, como agrupacións industriais, asociacións de empresas tecnolóxicas e outras entidades, ás que se lles informou sobre o próximo lanzamento do proceso para que puidesen difundilo entre os seus asociados.

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa

innovaugas

Esta sesión informativa celebrouse de maneira telemática o **21 de abril de 2020** (a través dunha plataforma virtual) e contou coa asistencia de representantes de 26 entidades. No anexo 2 atópase a listaxe de entidades asistentes.

Tras esta xornada informativa, o **6 de maio** celebrouse, tamén en formato en liña, a xornada institucional de lanzamento das CPM do proxecto Innovaugas 4.0.

A xornada, tivo unha duración aproximada de 2 horas, e os temas e relatores foron:

1. Benvida institucional e inauguración, a cargo da Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Dña. Ethel Vázquez, e do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, D. Francisco Conde.
2. Aspectos clave do proxecto Innovaugas 4.0. Iván Cacheiro Villamizar, enxeñeiro de Augas de Galicia.
3. Como participar nas CPM. Manuel Varela Rey, experto COTEC en CPI.
4. Resolución de dúbidas e consultas.

Para un maior coñecemento da xornada e do proxecto, fíxose difusión a través das redes sociais de Augas de Galicia e dun *mailing* a potenciais interesados.



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa

innovaugas



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa

innovaugas

JORNADA DE PRESENTACIÓN
DE LAS CONSULTAS
PRELIMINARES AL MERCADO
INNOVAUGAS 4.0

AGENDA

10:30-11:00	Bienvenida institucional e inauguración
11:00-11:30	Aspectos técnicos del proyecto INNOVAUGAS 4.0
11:30-11:45	Como participar en las Consultas
11:45-12:30	Resolución de dudas y consultas

La jornada será grabada para su posterior difusión en los medios oportunos.
Para un adecuado desarrollo de la jornada, los micrófonos de los asistentes serán desactivados al unirse a la reunión.

Xacobeo 2021 | galicia | gain | augasdegalicia

10


A esta xornada informativa asistiron 354 persoas e desenvolveuse sen incidencias. Nesta ligazón poden verse os vídeos da xornada de presentación das CPM:

<https://innovaugas.xunta.gal/jornada-cpm/>




Posteriormente, celebráronse dous talleres informativos coas empresas interesadas no proceso das CPM do proxecto, co obxectivo de afondar en aspectos técnicos.

O obradoiro informativo do día **13 de maio de 2020** dedicouse a debullar o Reto 1, Sistema integral de información hidrolóxica para unha xestión avanzada dos recursos hídricos e os casos de uso aos que se pretende dar resposta con este reto. Nesta xornada informativa participaron un total de 271 asistentes.



11

No segundo obradoiro, celebrado o día **14 de maio**, pormenorizáronse os Retos 2 e 3, Fortalecemento das capacidades de preparación e adaptación ao cambio climático e Economía circular no ciclo integral da auga, respectivamente. Esta xornada contou coa asistencia de 270 persoas.



Ambos os obradoiros celebráronse a través dunha plataforma webinar e desenvolvéronse sen incidencias. Neste enlace poden verse os vídeos dos obradoiros informativos:

<https://innovaugas.xunta.gal/talleres-informativos/>

En todos os talleres houbo un espazo dedicado a preguntas e respostas dos asistentes. As presentacións utilizadas polos relatores da xornada de presentación nas súas intervencións, foron enviados aos asistentes a través

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa



do correo corporativo do proxecto, e publicáronse, igualmente, na páxina web do proxecto xunto co documento de preguntas e respostas do proceso das CPM, de xeito que fose garantizada a adecuada difusión e publicidade das mesmas.



El pasado miércoles 6 de mayo se celebró la jornada de lanzamiento de las **Consultas Preliminares al Mercado (CPM)** del proyecto **Innovaugas 4.0** - Gestión avanzada de los recursos hídricos gallegos.

Como respuesta a varias solicitudes y, teniendo en cuenta que todavía no tenemos accesible el portal web del proyecto, les **compartimos** como archivos adjuntos a este correo las dos **presentaciones** utilizadas durante la sesión del **pasado día 6** de mayo. Trabajamos con la previsión de que la página web de Innovaugas 4.0 pueda estar disponible el próximo martes a través de la url <https://innovaugas.xunta.gal> y allí iremos publicando toda la información relacionada con el proyecto, incluyendo las grabaciones de las sesiones que se celebren.

Tal y como les comentamos en dicha jornada, los próximos **miércoles 13** de mayo y **jueves 14** de mayo se celebrarán los **talleres técnicos** de definición de los **retos** del proyecto. En dichos talleres se les ofrecerá información detallada sobre cada uno de los retos que se proponen en las consultas.

En concreto, el **miércoles día 13** se abordarán las cuestiones relativas al **eje 1** del proyecto: Mejora e Innovación de la Gestión de Recursos Hídricos y el **jueves día 14** las cuestiones relativas al **eje 2** del proyecto: Aumento de la resiliencia al cambio climático y al **eje 3** del proyecto: Incorporación del modelo de Economía Circular a la gestión del ciclo integral del agua.

La **agenda prevista** para ambas jornadas es la siguiente:

10.00-10.45 Revisión de los aspectos formales para participar en el proceso de CPM. Se explicará en detalle cómo cubrir el formulario para participar en el proceso.
10.45-11.00 Turno de preguntas aspectos formales.
11.00-13.30 Revisión de los aspectos técnicos del proyecto. Se explicará en detalle en qué consisten cada uno de los retos y subretos que se plantean dentro de cada eje.
13.30-14.00 Turno de preguntas aspectos técnicos.

Aquellas personas que todavía no están inscritas pueden inscribirse a través de los siguientes enlaces:

Propostas presentadas nas CPM

Tal e como estaba planificado, o **8 de xuño** de 2020 pechouse o prazo de recepción de solicitudes, recibíndose un total 162 propostas de 126 entidades diferentes e procedeuse ao seu arquivo e análise.

Entrevistas a participantes

As bases da convocatoria prevían a posibilidade de desenvolver entrevistas cos participantes de xeito que se puidese afondar na información achegada, solucionar posibles dúbidas sobre a mesma, etc.

innovaugas

Neste sentido, Augas de Galicia recorreu á devandita posibilidade e desenvolveu un conxunto de entrevistas cos participantes nas CPM, as cales se documentaron a través das correspondentes actas de reunión. As entidades entrevistadas atópanse relacionadas no anexo 4.

Nesas entrevistas participou, polo menos, un membro do equipo de proxecto Innovaugas 4.0, o ou os técnicos de Augas de Galicia da área involucrada e, polo menos, un dos expertos de CPM da empresa SILO.

As entrevistas realizáronse entre os días 1 de xullo e 6 de agosto de 2020. Houbo unha segunda rolda de entrevistas do Reto 3: Economía Circular no ciclo integral da auga, que se desenvolveron entre o 16 e o 21 de outubro de 2020.

En total, realizáronse un total de 58 entrevistas que correspondían a 65 propostas (a algúns propoñentes entrevistóuselles por varias das propostas presentadas).

Unha vez finalizado o período de entrevistas, procedeuse a analizar toda a información dispoñible e á redacción do presente informe.

5. Conclusións das CPM

Conclusións relativas á participación

En total, recibíronse 162 propostas¹ para dar resposta aos retos expostos por Augas de Galicia de 126 entidades, entre as que cabe apuntar:

- 15 empresas multinacionais líderes globais en diferentes áreas de negocio.
- 14 centros tecnolóxicos nacionais de referencia en I+D+i.
- 7 universidades españolas.
- 39 micropemes e pemes.
- 6 empresas situadas fóra de España.

Cabe destacar a alta participación de entidades galegas de todo tipo (centros tecnolóxicos, universidades, empresas) que participaron nas consultas: 52, presentado propostas en solitario e en consorcio, como mostra do alto potencial innovador existente na comunidade autónoma.

Por sectores, os máis representativos foron:

¹ No marco deste informe considéranse propostas cada unha das proposicións individuais enviadas polos propoñentes, independentemente do número de retos ao que intente dar resposta.




Gráfico 1: Empresas presentadas á CPM segundo o seu sector.

É destacable que un 25% das entidades participantes sinalan que contan con centros de I+D.

Maioritariamente, os propoñentes afirman ter experiencia en desenvolvementos funcionais e técnicos relacionados co proxecto exposto.

O 52% das propostas correspondían a consorcios de dúas ou máis entidades.

Desde un punto de vista de alcance, recibíronse 71 propostas que abordaban exclusivamente o reto 1; 17 propostas exclusivamente para o reto 2 e 52 propostas exclusivamente para o reto 3.

Ademais, presentáronse 13 propostas que abordaban conxuntamente os retos 1 e 2, unha para os retos 1 e 3 e outra para os retos 2 e 3; mentres que 7 propostas abordaron de forma íntegra os tres retos. O seguinte esquema ilustra a situación:

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa

innovaugas




Gráfico 2: Propostas presentadas por reto.

No que respecta ás propostas recibidas, os datos son os seguintes:

- O 57% das propostas recibidas encádrase no reto do sistema integral de información hidrolóxica para unha xestión avanzada dos recursos hídricos.
- O 23% das propostas recibidas encádrase no reto do fortalecemento das capacidades de preparación e adaptación ao cambio climático.
- O 38% aplica ao reto de economía circular no ciclo integral da auga.
- O 14% das propostas recibidas encadran dúas ou máis retos.

No que respecta á participación, pódese concluír que:

- A temática do proxecto suscitou amplo interese e produciuse unha masiva resposta do mercado nacional e internacional a todos e cada un dos retos expostos, non percibíndose un risco en relación á concorrència ás eventuais futuras licitacións.
- O perfil de empresa interesada inclúe non só gran empresa, senón pemes e organismos de investigación, sendo previsible que se configuren consorcios na eventual futura licitación.
- As capacidades innovadoras dos participantes (ademais das propostas de solución) auguran un alto contido innovador nos resultados da execución dos eventuais proxectos, e achegarán solucións ás principais



necesidades de Augas de Galicia, contribuíndo a desenvolver novas tecnoloxías potencialmente exportables a outras funcionalidades como polo de desenvolvemento tecnolóxico.

- Resultou especialmente relevante no que respecta a achegas innovadoras a participación de centros tecnolóxicos e de investigación galegos, os cales coñecen en profundidade as problemáticas subxacentes en cada un dos retos.

Conclusións relativas á eventual licitación ou licitacións

De acordo coa información recibida do mercado, establécese que neste ámbito existen diversas solucións baseadas en tecnoloxías existentes, aínda que non cumpren totalmente coas necesidades expostas e requiridas por Augas de Galicia, polo que é necesario que exista un desenvolvemento tecnolóxico e unha adecuación específica para o proxecto.

En definitiva, considérase conveniente que o eventual procedemento de compra se enmarque dentro do marco da Compra Pública de Innovación e, máis concretamente, na tipoloxía de **Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora**, descartándose, preliminarmente, a contratación de servizos de I+D (Compra Pública Precomercial).

Esta conclusión alíñase con outros estudos previos realizados por Augas de Galicia en relación co estado da arte.

En calquera caso, non se descarta que as solucións con TRLs máis baixos poidan abordarse desde Augas de Galicia en futuras iniciativas.

Ademais, valórase a utilización doutros mecanismos ou instrumentos de contratación non vinculados á CPI, como convenios con organismos de investigación, para abordar elementos que resulten necesarios e contribúan aos obxectivos de Innovaugas 4.0.

Reto 1: Sistema integral de información hidrolóxica para unha xestión avanzada dos recursos hídricos:

As propostas recibidas en termos de orzamento e prazo son compatibles cos inicialmente expostos polo proxecto, non detectándose desviacións significativas.

Considerando as necesidades non cubertas, as principais características e capacidades que foron achegadas nas propostas son as seguintes:

- **Deseño e posta en funcionamento dun sistema marco para a xestión da información** en Augas de Galicia. Debe contemplar formas de almacenamento, intercambio e xestión de datos que cumpran cos requisitos de seguridade necesarios, contemplen os diferentes perfís de acceso e uso que existen, incluído o da cidadanía e, sobre todo, sexan o suficientemente flexibles como para que o sistema se vaia alimentando de forma progresiva desde Augas de Galicia cos datos das distintas temáticas. O emprego de linguaxes e ferramentas que posibiliten o mantemento e evolución futuros é clave neste punto. A aplicación destas solucións á particular problemática da xestión global integrada de recursos hídricos resulta aínda un reto por afrontar.
- **Análise e procesado e tratamento avanzado dos datos** rexistrados a través de sensórica, que permita diferenciar anomalías causadas pola propia tecnoloxía, doutras derivadas dos fenómenos físicos, como eventos de contaminación ou fallos no funcionamento dalgunha infraestrutura, por exemplo, un encoro. A aplicación de técnicas de intelixencia artificial sobre a complexidade que supón a xestión e protección dos ecosistemas acuáticos podería achegar produtos innovadores de alto valor engadido para os organismos de conca.
- **Xestión predictiva de encoros.** O mercado é capaz de proporcionar actualmente ferramentas que recompilan os datos necesarios para a xestión dun encoro e analizan a súa adecuación a unhas determinadas normas de explotación, incluso detectando os parámetros fóra de rango. Con todo, non existen sistemas que, ademais do anterior, aprendan de escenarios pasados e consigan recomendar manobras para acadar o estado desexado, que non ten que estar necesariamente definido por un limiar dunha variable, axudando á toma de decisións. Como posible prestación complementaria, cun menor nivel de desenvolvemento actualmente, propúxose a comprobación do funcionamento dos dispositivos de franqueo de peixes en encoros, enfocado especificamente á identificación de individuos e especies concretas.
- **Determinación ou estimación das características hidromorfolóxicas dos sistemas fluviais**, asumindo que estes se estenden máis aló dos leitos e

innovaugas

inclúen así a franxa de vexetación característica das zonas de ribeira. En concreto a través dos seguintes obxectivos clave:

- Caracterización da vexetación de ribeira: actualmente empréganse de forma separada tecnoloxías (multiespectral, LIDAR, RADAR, satélite, entre outras) que presentan certas limitacións, como a súa dependencia das condicións meteorolóxicas, a dificultade para diferenciar especies ou a imposibilidade de caracterizar o perfil vertical de vexetación. Unha solución que combine tecnoloxías e permita caracterizar a franxa de ribeira, tanto en planta como en sección, diferenciando e identificando especies herbáceas, arbustivas e arbóreas, suporía un avance sobre a posición actual do mercado.
 - Estimación indirecta da humidade do chan, para inferir a través dela a zona de influencia do río. O contido de auga é un parámetro moi importante para comprender a dinámica fluvial e a súa influencia sobre a contorna. Tecnoloxías non invasivas baseadas, por exemplo, en imaxes satélite ou en medidas con RADAR, parecen unha liña de avance innovadora cara á caracterización da humidade do chan en zonas de ampla extensión.
 - Medición de parámetros morfolóxicos que permitan caracterizar xeometricamente a contorna fluvial e os obstáculos existentes nela. A innovación neste punto reside en dispoñer dunha ferramenta que achegue resultados dun tramo completo, e coa precisión necesaria para calcular indicadores incluídos no [protocolo de caracterización hidromorfolóxica do MITERD](#).
- **Caracterización indirecta dos recursos hídricos superficiais e subterráneos** en termos de cantidade e calidade. En concreto a través dos seguintes obxectivos clave:
 - Estimación do volume dispoñible e do caudal circulante, tanto en augas superficiais como subterráneas, por métodos indirectos que non impliquen a sensorización masiva das concas de análise. As técnicas de análises dos datos ofrecen unha alternativa innovadora ás estimacións tradicionais baseadas en medidas de campo.

innovaugas

